



ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA PLATAFORMA TECNOLÓXICA AGROALIMENTARIA GALEGA 30/06/2008

En San Cibrao das Viñas, no salón de actos do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC), ás 12 h do día 30 de Xuño de 2008, comparecendo na mesa os seguintes membros do comité:

- 1• D. Xan Rodríguez Díz, Presidente da PTGAL. Centro Tecnolóxico da Carne, CTC
- 2• D. Lorenzo Pastrana, Vicepresidente da PTGAL. Universidade de Vigo.
- 3• D. Carlos Ruíz, ANFACO-CECOPECA.
- 4• D. Roberto Carlos Alonso Ferro. Dirección Xeral de I+D+i
- 5• D. Antonio Sartal. JEALSA-RIANXEIRA S.A.

D. Xan Rodríguez Diz dá a benvida aos asistentes (ver listado de asistentes, anexo I) presentando ós membros do comité presentes na mesa.

De seguido, comézase polo primeiro punto da orde do día, presentando o informe da xestión do período 2007-2008 i expoñendo as actividades realizadas:

- Presentación, o 3 de decembro de 2007, da Axenda Estratéxica de Investigación, explicando ademais cómo se desenvolveu o proceso de elaboración da mesma.
- Exposición da estrutura dos grupos de traballo así como o seu funcionamento e o papel que teñen neles os axentes dinamizadores.
- Montante económico mobilizado no período 2007-2008
- Proxectos xerados dende a Plataforma, como o proxecto RAPID, VERDE-CARNE, TIFESAL e con especial fincapé no proxecto REAL, artellado para estender a estrutura da PTGAL á rexión Galiza-Norte de Portugal.
- Realización do catálogo de servizos, explicando Rubén Rodríguez (IMAGOS) a súa estrutura e funcionamento.

A continuación, dentro do punto 2 da orde do día, expuxéronse as liñas de actuación propostas para o seguinte período. D. Xan Rodríguez comeza a súa exposición expoñendo o troco na tipoloxía da subvención percibida para a sustentación económica



da Plataforma, sendo, neste novo periodo 2008-2009 un contrato-programa por obxectivos.

O desenvolvemento da anualidade estruturase en torno a 4 liñas fundamentais:

- Internacionalización da PTGAL
- Internacionalización do sector agroalimentario, participando en proxectos do VII Programa Cadro
- Realización de proxectos colaborativos entre as empresas do sector presentándose ás diversas convocatorias autonómicas, estatais ou europeas.
- Satisfacer as necesidades do sector.

As 7 actividades propostas serían as seguintes:

- 1) **Promover e presentar á plataforma a outras entidades:** como a Food for Life- Spain e Food for Life Europa, de cara a dar a coñecer no exterior de Galicia as actividades realizadas pola Plataforma e crear vínculos de traballo en común a nivel estatal e internacional..
- 2) **Creación e difusión dun sistema de alertas,** para potenciar a participación das empresas membro da Plataforma a súa participación en grandes proxectos colaborativos tipo CENIT, VII Programa Cadro,...
- 3) **Incrementar a relación con outras plataformas tecnolóxicas de Galicia,** para detectar sinergias comúns e evitar o solapamento. A rede Neurona platéxase como un gran instrumento de relación interplataformas.
- 4) **Realización de informes de Vixilancia Tecnolóxica.** Apoiados en parte polo servizo “Uviga” da Rede Neurona. Realizaranse de informes en función das prioridades detectadas nos grupos de traballo.
- 5) **Revisión da Axenda Estratéxica de Investigación,** de cara á súa actualización e proposta de novas liñas. A realización do catálogo de servizos serve ademáis como referente sobre as capacidades de I+D+i que ten o sistema galego, podéndose detectar puntos febles que deban ser implementados.
- 6) **Ampliación do catálogo de servizos,** de cara a reflectir a realidade cambiante da oferta de I+D+i e dotar ó catálogo de novas funcionalidades que potencien a súa interactividade



- 7) **Outras actividades**, realizadas polas secretarías técnicas como o mantemento web, realización de xornadas e actos de difusión, xestión das bases de datos,...

Contémplase para levar a cabo estas actividades no periodo 2008-2009, o seguinte orzamento:

- **Gastos de persoal: 72.238€ (secretarías técnicas,...)**
- **Servizos externos: 141.000€ (gastos de consultoría, dinamización dos grupos de traballo e servizos informáticos).**
- **Outros Gastos: 26.500€ (organización de xornadas, cartelería).**
-

Procédese á votación para aprobar estas liñas de traballo, recordando previamente Lorenzo Pastrana o reparto de votos, que será un voto por empresa ou organismo, máis un voto no caso de formar parte do Comité Executivo e un voto extra no caso de liderar un grupo de traballo privado.

As novas liñas de actuación son aprobadas por unanimidade.

Seguidamente, Lorenzo Pastrana expón dentro do punto 3 da orde do día, a proposta para a nova composición do Comité Executivo (Anexo II), ampliándose de 12 a 18 membros para, dando continuidade ó comité actual, contar cunha maior representatividade das PEMES do sector agroalimentario galego.

Procédese á votación quedando aprobado por 64 votos a favor, 0 votos en contra e 1 única abstención.

Dase paso ao punto 4 da orde do día sobre a valoración da proposta de modificación da estrutura organizativa. Lorenzo Pastrana comenta a nova proposta de estrutura organizativa para o funcionamento da PTGAL (Anexo II), destacando os trocos máis salientable: creación dos grupos de interese (consultarías, Informática) e o novo sistema de reparto de votos, pasando a estruturarse do seguinte xeito:

- Consultoras: participaran como membros da Ptgal sen dereito a voto integrados nos Grupos de interese da Ptgal.
- Organismos de investigación: un voto por entidade con personalidade xurídica propia (centro, facultade ou departamento) que teñan grupos de investigación inscritos na PTGAL. O CSIC terá un voto por entidade e outro por cada entidade con personalidade xurídica.



- Cada empresa contará cun voto ordinario na asemblea, e contarán con votos adicionais nos casos de pertencer ao Comité Executivo e/ou de liderar un grupo de traballo privado. Así unha empresa en función da súa implicación no Comité Executivo e nos grupos de traballo poderá acumular varios votos como xa se recollía no anterior modelo de Estructura Organizativa.

Procédese á votación quedando aprobado por ampla maioría.

Rogos e preguntas:

Sara Estévez, pregunta cal é o método a seguir para apuntarse ós grupos de traballo. Lorenzo Pastrana explica que a través dos documentos que se aloxan na páxina web ou ben directamente a través das secretarías técnicas, pódese xestionar o acceso ós grupos enviando cumplimentada a expresión de interese.

Octavio Pernas da Consultora ECONET, pregunta se as consultoras poderán participar nos grupos de traballo. Lorenzo Pastrana indica que os trocos na estrutura organizativa implican que, nun principio as consultoras estarán aloxadas no grupo de interese pero que no caso de ter un proxecto poderán participar no grupo correspondente como outra entidade máis.

Rosa Fernández, do CETMAR, expón que TECNOPEIXE, a Plataforma Tecnolóxica Galega da Pesca, ten puntos en común coa PTGAL e sería interesante poder manter vínculos entre ambas estruturas. Asimismo, expón que o proxecto MARKETECH II, que executa CETMAR, ten como fins a consecucións de proxectos colaborativos no eido agroalimentario, polo que invita novamente a compartir intereses e colaborar en crear sinergias comúns.

Dase por concluída a asemblea ás 13:40 coa aprobación de todos os puntos da orde do día. En Ourense a 30 de Xullo de 2008

O Secretario

O Presidente

Xosé Ramón Vázquez

Xoan Xosé Rodríguez Díz



ANEXO I

Listado de Asistentes á Asemblea Xeral da PTGAL

Grupos i Entidades de Investigación

Investigador	Entidade	Votos
Bermejo Barrera, Pilar	USC	1
Cepeda Sáez, Alberto	USC	1
Cobos García, Ángel	USC	1
Méndez Dónega, Juan	USC	2
López Macías, Cristina	UVIGO	1
Pastrana Castro, Lorenzo	UVIGO	2
López Vilariño, José Manuel	UDC	1
Cartea, Elena	CSIC	1
Caso Peláez, Enrique	CIBERON	1
Ruiz Blanco, Carlos	ANFACO-CECOPESCA	2
Rodríguez Diz, Xan	CTC	2
Moreno González, Jesús	MABEGONDO	2
Medina Méndez, M ^a Isabel	CSIC	2
Corral Álvarez, Mercedes	CETAL	1
Alonso Ferro, Roberto Carlos	DXIDI	2
Fernández, Rosa	CETMAR	2
Orriols, Ignacio	EVEGA	1
TOTAL		25



Empresas adheridas á PTGAL

Nome da Empresa	Votos
ABIASA	1
ACEITES ABRIL	1
ADEGA PAZO CASANOVA	1
AGACA	2
AGAFAC	1
AGRONOVO ECOLOXÍA S.L.	1
ASOGACARNE	1
CLAVO CONXELADOS	1
COCARGA	1
COREN	3
CUEVAS Y CIA. S.A.	1
DEINAL	1
DINAMID	1
ECONET S.L.	1
ESMEDAGRO S.L.	1
ESTEVEZ CARRERA SARA ANA	1
FEIRACO COOP. GALEGA	2
HIJOS DE RIVERA S.A.	1
I.X.P. TERNERA GALEGA	1
IMASDE AGROPECUARIA S.L.	1
INGAL NOROESTE S.L.	1
INVATIA RESEARCH S.L.	1
JEALSA-RIANXEIRA	2
M.RIERA INNOVACIÓN ESTRATÉGICA	1
M.G. OTERO CONSULTORES S.L.	1
NUTRI UP DESARROLLO S.L.	1
PESCANOVA	2
PORTOMUIÑOS	1
PROAGROSILVA	1
SEGURIDADE ALIMENTARIA DO NOROESTE	2
SOLUCIONES INNOVADORAS I+D S.L.	1
TALLERES CAMESELLE S.L.	1
VIALMAR BIOTECH	1
VIÑA ALMIRANTE S.C.G.	1
VITIVINIVOLA DO RIBEIRO S. COOP. GALEGA	2
CENTRO DE INVESTIGACIÓN GANADERO Y AGRÍCOLA	1
TOTAL	44



ANEXO II

A. Composición do novo Comité Executivo (2008-2010)

Presidencia: CTC

Vicepresidencia: Uvigo

Vogais:

Ingacal

DXIDI

Clavo Congelados

USC

Anfaco-Cecopesca

Jealsa-Rianxeira

Feiraco

Abiasa

Portomuiños

Kiwi Atlántico

Grupo Hijos de Rivera

Pescanova

Coren

AGACA

B. Estrutura Organizativa da Ptgal

http://ptgal.org/E_O-02.pdf